Nº 6- Tempada 17/18

EXEMPLAR GRATUITO

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

CANDELAS

FOGAR DO BREOGÁN

En pé dende 1966

A SERIEDADE DO LÍDER

ENTREVISTA

Betinho: Entre a saudade e as lembranzas

O PARTIDO

O Palma, unha vez máis no camiño do Breo

IBEROSTAR Palma

DEPORTE GALEGO · GALICIA SAUDABLE · Concello de Lugo · HYUNDAI DITRAMOTOR · CAIXA RURAL GALEGA · polusa · Estrella Galicia · CANDELAS · DEPUTACIÓN DE LUGO · hummel

IBEROSTAR Palma

O rival

6 JOAN CARLES BIVIA MUÑOZ
Base
23/06/1985
Nacionalidade: ESPAÑA
Altura: 189 cm

10 SERGI COSTA VAZQUEZ
Base
04/09/1996 Barcelona (Barcelona)
Nacionalidade: ESPAÑA
Altura: 190 cm

19 ROGER FORNAS LLADO
Ala pívot
24/10/1982 Barcelona
Nacionalidade: ESPAÑA
Altura: 202 cm

22 ZACHARY JOHN GROSSENBACHER
Ala pívot
06/01/1994
Nacionalidade: ESTADOS UNIDOS
Altura: 203 cm

5 RAFAEL HUERTAS NAVAJAS
Escolta
02/08/1984 Córdoba
Nacionalidade: ESPAÑA
Altura: 191 cm

8 JAVIER MEDORI MORALES
Aleiro
15/07/1993 Eivissa (Illes Balears)
Nacionalidade: ESPAÑA
Altura: 200 cm

3 BENJAMIN JOHN KENNETH MOCKFORD
Escolta
18/08/1989
Nacionalidade: GRAN BRETAÑA
Altura: 186 cm

2 TAUTVYDAS JULIUS SLEZAS
Pívot
31/03/1990
Nacionalidade: LITUANIA
Altura: 207 cm

13 JOAN TOMAS NOGUERA
Aleiro
12/05/1992 Llucmajor (Illes Balears)
Nacionalidade: ESPAÑA
Altura: 202 cm

23 GEDIMINAS ZYLE
Pívot
24/11/1988
Nacionalidade: LITUANIA
Altura: 210 cm

ADESTRADOR

FRANCISCO JAVIER SASTRE MAS

06/04/1961 Palma de Mallorca (Illes Balears)

- Chamado a ocupar praza de play off, o equipo de Sastre non atopou a súa mellor versión nesta primeira parte de tempada, lastrados polas lesións.
- Xogan a moitas posesións con chegadas moi rápidas e rematadas en tiros de tres puntos, moitas veces buscando a Roger Fornas.
- Se non atopan acerto exterior, Biviá, -xogador de grande talento-tratará de controlar o ritmo de partido e exprimir o pick and roll.
- O #ExBreo Rafa Huertas vai collendo peso no equipo, e xunto a Biviá, Fornas e Zyle forman a base dun equipo que será difícil de batir cando atopen o seu nivel e teñan ao 100% aos lesionados de inicio.

GRAVITTY
HUMANS IN MOTION
Escuela de Danza · Gimnasia y Espectáculos
C/ Ramiro Rueda 19 bajo 27003, Lugo // 982-80-94-80 // www.gravitty.es // info@Gravitty.es
-Tango -Salón y Latino -Gimnasia Ritmica y Deportiva
-Danza del Vientre -Danzas Urbanas -Pole Dance
¡¡¡ Y MUCHO MÁS !!!

Seis meses despois...

A primeira quincena de maio de 2017 servía aos afeccionados unha intensa eliminatoria de play off entre os dous equipos que se volven enfrontar hoxe no Pazo

O Cafés Candelas Breogán chegaba ao play off tras acadar a segunda praza e o Palma (Air Europa a pasada tempada), remataba octavo con cinco trunfos menos que os celestes, pero xa demostrara no partido da primeira volta o seu potencial cunha vitoria na illa (96-86). O Cafés Candelas foi quen de vencer no segundo partido de liga regular no Pazo con claridade 88-62, pero estaba claro que o play off marcaba un novo comezo.

A eliminatoria foi tensa, longa e disputada. Cinco partidos nos que os celestes aproveitaban o factor Pazo no primeiro vencendo 77-65. Pero o Palma impoñía o seu ritmo no segundo e levaba un trunfo que lles daba a vantaxe de cancha nun partido tolo (94-99).

Para mais emoción, os celestes caían no terceiro en Palma (64-58) e afrontaban xa a eliminatoria sen rede de seguridade, xogando cada partido a vida ou morte. Finalmente, dúas vitorias breoganistas (90-100 en Palma e 73-71 no Pazo) daban o pase a semifinal ao equipo de Natxo Lezkano.

Pero o desgaste pesou ao Breo que viu como Burgos, na semifinal, impoñía a súa calidade e superioridade física tras un 3-0 na súa primeira eliminatoria ante Melilla.

O Palma contaba daquela con homes que xa non están como Mikel Úriz ou Asier Zengotitabengoa. Hoxe contan, entre outros, con Huertas que cambiou a celeste pola camisola negra.

Seis meses despois, Palma e Breo volven a atoparse. Moi cambiados, pero cos mesmos propósitos.

Pick and Roll

CON

Christian Díaz



Un vicio: Netflix.

Unha virtude: Moito sentido do humor.

Un defecto: Demasiado orgulloso.

Un medo: As agullas do fisio!

Unha manía: Escoitar sempre a mesma canción antes de saír a xogar.

Que é o primeiro que pensa cando ve unha foto súa? como teño o pelo, estou guapo?

De neno era...: Gordiño e inquedo

Non podería vivir sen...: O baloncesto

Algo que deteste: Ter lonxe a quen me gustaría ter preto

A **quén admira?** A miña irmá e os meus pais

Mellor hora do día: Hora da sesta

Unha comida: As croquetas da miña nai.

Sabe cociñar? Pementos recheos, «fajitas», tortilla de papas...

Un recuncho de Lugo: O paseo do Rato.

Se non xogara ao baloncesto sería...: Fisio ou psicólogo

Qué música escoita?: R&B-Reggaeton

Primeira lembranza nisto do baloncesto: Ir cos meus pais a recoller á miña irmá ao seu adestramento e poñerme a correr e tirar coma un tolo!

A **xogada perfecta:** Caño máis alley oop!

Asistencia ou canastra?: Asistencia

O **final perfecto?** Ascender a ACB

Como lle gustaría ser lembrado dentro de moitos anos? O zurdo de ouro!

-Unha pregunta que bote de menos neste cuestionario:

-Por que levo o alcume de "El pollito"

OS IMPRESCINDIBLES DE CHRISTIAN DÍAZ



LIBRO

«SÉ LO QUE ESTÁS PENSANDO» JOHN VERDON (2010)

Novela negra, crimen e misterio. Un Thriller policiaco dos que enganchan

PELI

GLADIATOR (2000)

Épica película gañadora de cinco Oscar dirixida por Ridley Scott con Russell Crowe como protagonista.

Dez Portas no Pazo!

Dende o CB Breogán temos o propósito de colaborar con tódalas entidades que se dediquen ao deporte.

Hoxe, no Pazo, recibimos a visita dos compoñentes do Club Deportivo Dez Portas de Tenis de Mesa que realizarán unha exhibición no descanso do partido desta noite.

Con xa 11 anos de historia, o Dez Portas traballa con máis de 60 deportistas de tódalas idades. Nas instalacións municipais de Frigsa (xunto ás pistas de tenis) adestran cada semana xogadores dende os 7 ata os 65 anos, tratándose o tenis de mesa dunha disciplina que non ten limitación de idade ou condición física.

O tenis de mesa é un deporte que proporciona melloras psicomotrices no practicante, independentemente da idade, e conta cunha elevada esixencia física e mental.

Trátase dun dos deportes olímpicos con maior número de practicantes a nivel global e os integrantes de Dez Portas animan a todos a probar luns, mércores e venres a partir das 18 horas en Frigsa.
Benvidos ao Pazo!

Un ano máis, o Breogán, no mellor calendario posible

Un ano máis e como xa é tradición dende 2014, RAIOLAS, asociación sen ánimo de lucro formada por pais e nais de persoas con autismo e outros trastornos do Espectro do Autismo, elabora o seu calendario no que nenos e nenas da asociación comparten páxina con deportistas da provincia de Lugo.

O Cafés Candelas non faltará un ano máis, e a pasada semana participou nunha sesión fotográfica xunto con Hugo Luaces, un dos nenos da asociación, e baixo as ordes do fotógrafo Alfredo Bongianni, que colabora de xeito desinteresado neste bonito proxecto que axudará a Raiolas a mellorar o día a día das familias e os nenos e nenas da asociación.

Stainbrook, Quintela, Quique Fraga, Natxo Lezkano, Salva Arco, Rubio e Úriz compartiron unha tarde moi agradable cuxo resultado verase próximamente nun almanaque espectacular no que participan tamén deportistas do CD Lugo, Ensino, Pescados Rubén Burela, Muralla Rugby, Racing Vilabés, "El Piña", Tito Margaride, EMEVE, Filigrana Ximnasia Rítmica, Monstruiños Squash,
Esgrima Lugo... un elenco de primeiro nivel competitivo e, por suposto, solidario.

Raiolas venderá próximamente o seu calendario que, ademais de axudar na súa labor co recadado, será útil para os que o merquen para ollar o transcurso do ano cun sorriso.

Unha honra participar!

Betinho

A saudade do home que voou no Pazo

Por Alberte López Muñiz

Como che vai por Italia, en Trento?

Non tan ben como se estivese en España. O feito de non falar a lingua ponche un pouco difícil o día a día fora da cancha, pero o demais todo ben.

Estás no mellor momento da túa carreira?

Non diría o mellor momento, pero si que sigo nun bo momento, tanto física como psicoloxicamente, e o meu obxectivo é seguir así por un par de anos máis.

Que significa Lugo para ti?

Tería moito que escribir para expresar o que é Lugo para min, pero Lugo sempre terá un sitio especial no meu corazón. A cidade, a xente, o equipo... fixéronme medrar moito como persoa, e en Lugo é onde coñecín á miña muller e tivemos o noso primeiro fillo. En Lugo comecei a ser un home.

Os galegos padecemos algo que chamamos "morriña". Tes algo diso despois da túa etapa aquí?

Pois coido que si, polo feito de que estou sempre pendente do que pasa co equipo e sempre teño a Lugo nos meus plans de vacacións, vou sempre que poido a Lugo aínda que ca selección non sempre poido. Coido que o levo dentro.

Vímoste moitas veces polo Pazo dende que te fuches, es un breoganista activo?

Como dixen, si. Hoxe por exemplo estiven todo o día de viaxe co equipo, moi canso pero ao tempo moi ledo porque o Breogán siga invicto, estou todas as semanas moi pendente de como lle vai ao equipo.

Que che parece o equipo, pois?

Dende que me fun cambiou moitísimo, pero segue sendo o equipo que todos respectan na liga. Isto ocorre porque todo o que vai xogar a Lugo sabe o que representa estar aí e fan todo o posible para poñer o nome do equipo no máis alto.

Encaixaría Betinho neste Breo?

Gustaríame dicir que si, depende do que queira cada adestrador, pero eu sigo vendo un Beto que pelexa, que deixa a pel na cancha, un Beto que quere ver ao Breo gañando cada fin de semana.

Verémoste pronto no Pazo, de espectador ou de corto?

Encantaríame voltar de corto, nunca me pechei a porta a volver, pero todo dependerá do que necesite o adestrador.

O teu mellor recordo ca celeste? E o peor?

Teño montóns de recordos ca celeste, todos os partidos ca afección sempre apoiando. Este será sempre o meu mellor recordo. O peor, non ter ascendido. Pero cada ano penso que o imos conseguir, e este aínda máis. Sempre seremos candidatos.

Segues sendo un xogador moi querido en Lugo. Queres dedicar algunhas verbas ao breoganismo?

Coido que todos saben canto os quero e boto de menos, seguir crendo no equipo e seguir animando coma sempre. Sodes a alma deste grande clube.

Voos sen motor no Pazo

Beto amosou en moitas ocasións a súa espectacular capacidade atlética con mates imposibles.
Activa co teu smatphone este código QR e lembra un dos mellores mates vistos no Pazo

(Podes cunha aplicación específica ou ben usar a que ofrece Twitter)

6 €
ENTRADA
XENÉRICA

XUVENLUGO

...CON QUIO O ESQUIO!

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO

A MELLOR MANEIRA DE PASALO BEN NESTE NADAL!

DATAS DE APERTURA:

DECEMBRO 2017: 1-3, 6-10, 15-17, 22-23 E 25-30.

XANEIRO 2018: 1-4 E 6-7

ATRACCIÓNS, COCHES DE CHOQUE, NORIA, INCHABLES, ESPAZO INFANTIL, TOURO MECÁNICO, PISTA DE SLOT, ...

Horario: 16:30-21:00 h

Prezo especial para asociacións, colexios e concellos con reserva anticipada:
Tel. **982 285 200** / E-mail **comercial@pfclugo.com**

Bono grupo 10 persoas: **50 €** (válido para un só día)

DEPUTACIÓN DE LUGO
Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes

Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

fundación **feiras e exposicións** de lugo

1	30/09/2017 - 20:00h	83 - 71	
2	01/11/2017 - 18:30h	84 - 85	
3	10/10/2017 - 20:45h	85 - 63	
4	15/10/2017 - 18:00h	73 - 86	
5	21/10/2017 - 20:00h	101 - 73	
6	27/10/2017 - 21:00h	79 - 83	
7	05/11/2017 - 18:00h	97 - 69	
8	10/11/2017 - 21:00h	70 - 74	
9	18/11/2017 - 20:00h	98 - 81	
10	26/11/2017 - 18:00h	72 - 81	
11	29/11/2017 - 20:45h	-	
12	03/12/2017 - 12:15h	-	
13	10/12/2017 - 18:00h	-	
14	16/12/2017 - 20:00h	-	
15	23/12/2017 - 18:00h	-	
16	29/12/2017 - 20:45h	-	
17	07/01/2018 - 12:00h	-	

*As xornadas como local marcadas para sábado 19:15 horas retrasaranse ata as 20:00 horas se hai coincidencia co Porta XI Ensino

CLUB BALONCESTO BREOGÁN S.A.D.

Avda. Filarmónica Lucense s/n - Lugo
Tel.: 982 23 10 50 - info@cbbreogan.com

FOGAR DO BREOGÁN

Redacción, fotografía e maquetación @MarquinhosFT
Colaborador: @AlberteLpz - Comercial @jbaamonde75
Agradecementos: FEB - Unicopia - @Patmas16

SOUNDCLOUD

DEPUTACIÓN DE LUGO

A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE